

POLOS FEITOS DEDÚCESE QUE A POLICÍA NON QUERE ÓS CORPOS XERAIS

No día de hoxe reuniuse o Grupo de Traballo da Policía, dependente da Mesa Delegado do Ministerio do Interior. A proposta da CIG, tratáronse os seguintes temas:

Postos vacantes non convocados no concurso xeral que se acaba de publicar.

A CIG manifestou na reunión que este concurso de traslados confirma que a Policía quere botar ó persoal de Corpos Xerais fora do seu organismo. Para facer esta afirmación temos en conta estes datos relativos ó concurso:

- Provincia de Pontevedra: dos 43 postos vacantes só se convocan 6. É dicir, o 86% das prazas vacantes quedan sen convocar. Mentres sucede isto, na Comisaría Local de Vigo hai membros do Corpo policial expedindo DNIs. Tamén chama a atención a situación do Centro de Cooperación Aduanera de Tui onde cun cadro de persoal (RPT) de 3 postos, dous deles ocupados en comisión de servizos, non se convocan as dúas vacantes.
- Provincia da Coruña: de 31 postos vacantes só se convocan 8, o que implica que o 81% dos postos vacantes non se convocan.
- Provincia de Lugo: das 4 vacantes só se convoca un posto. Nesta provincia chama a atención a situación de Viveiro, onde cun cuadro de personal de 5 postos, non se convocan as dúas prazas vacantes a pesar de ter unha persoa do corpo policial expedindo documentación.
- Provincia de Ourense: neste caso, a Comisaría Provincial, en aras á transparencia non facilitou os datos que lle pedimos sobre postos vacantes e postos ocupados de xeito provisional.

A explicación que dan tanto a DGP como o representante do Ministerio é que o estudo para detectar vacantes o fan un ano antes. En fin, todo un exemplo de modernización e eficiencia da administración.

Postos de expedición de documentación de persoas españolas e estranxeiras desempeñados por persoal policial en Galicia.

A CIG solicitou que se nos facilitase o número de efectivos policiais que están facendo expedición de documentación e en qué comisaría o fan. O responsable do Ministerio indica que non temos dereito a esa información. Unha vez máis, a transparencia non é o forte do Ministerio. Debe ser que como se chama de Interior o garda todo para dentro.

Situación do persoal de Corpos Xerais na DGP

A CIG transmite que en moitas comisarías, tanto en Galicia como fora, algúns mandos policiais están difundindo aos Corpos Xerais que as súas funcións van ser desenvolvidas polo Corpo Policial. A DGP non se manifestou sobre o tema e o Ministerio indicou que non hai ningúna intención de que os Corpos Xerais marchen da DGP.

Ao noso entender, a convocatoria do último concurso, onde se optou por non cubrir as vacantes existentes, a pesar de haber policías expedindo documentación indica que si existe unha intención de botarnos fora.

Situación da Comisaría local de Vigo-Redondela.

A CIG denunciou a situación que está sufrindo o persoal de corpos xerais desa unidade. O enfrontamento entre mandos policiais estase traducindo en órdes contradictorias, cambios continuos do personal dunhas unidades a outras, esixencia de manter a mesma produción a pesar de ser menos persoas e ter persoal policial sen experiencia na expedición de documentación...

Esta situación está incidindo na saúde do persoal desa oficina e na calidade do seu traballo, motivo polo que xa pedimos o pasado mes que se faga a avaliación de riscos psicosociais.

Problemas informáticos e a súa repercusión na expedición de documentación.

Trasladamos a queixa polos fallos demasiado frecuentes das aplicacións e solicitamos que cando se teña que facer algún cambio informático non urxente se faga fora do horario de expedición para evitar o colapso nas unidades.

Ademais deste puntos, tamen se trataron os seguintes:

DNI rural

Está en proceso de licitación a compra de novas furgonetas. Nelas irán dous policías. Aínda que non o dixeron claramente parece que tamén van botar ós Corpos Xerais do DNI rural.

Cadro de Persoal. Nova RPT

A CIG defendeu a necesidade dunha nova RPT onde se creen postos de corpos xerais para as secretarías diferenciados dos de atención ó público e coas características dos postos administrativos que non teñen a calificación MA3.

O Ministerio indicou que é consciente da necesidade e que xa se reuniu coa DGP para falar do tema. Empezarían por Madrid, supoñemos que porque é o “ombigo” de España.